

4º.- APROBACIÓN INICIO EXPEDIENTE CONTRATACIÓN DE OBRA DO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS.-

Recibida notificación da Resolución nº 10434 da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba definitivamente a obra: “INSTALACIÓN DUN POZO PARA VALEIRADO E DECANTACIÓN DE FOSAS SÉPTICAS NA EDAR VALDOVIÑO”, do PCC 2012. Código 12.330V289.0, cun presuposto de 44.491,63 euros, e da Circular sobre o inicio de expediente de contratación da citada obra,

Constando no expediente Providencia de Alcaldía dispoñendo a emisión dos informes pertinentes para levar a cabo a obra polo procedemento que parece máis axeitado: Negociado Sen Publicidade.

Constando no expediente o informe de secretaria sobre lexislación e procedemento a seguir e documento da intervención de retención de crédito.

Incorporados os pregos de cláusulas administrativas particulares para rexer a contratación cos seus anexos correspondentes.

A Xunta de goberno local por unanimidade, ACORDA:

1º.- Que se inicie o procedemento de adxudicación da obra “INSTALACIÓN DUN POZO PARA VALEIRADO E DECANTACIÓN DE FOSAS SÉPTICAS NA EDAR VALDOVIÑO” por procedemento negociado sen publicidade.

2º.- Aprobar coma pregos para a contratación os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares da Excm. Deputación Provincial da Coruña, publicados o 1 de xuño de 2012, BOP nº 103, o cuadro de características do contrato, os criterios de valoración e o Anexo V ao prego-tipo; que constan no expediente da súa razón.

3º.- Autorizar un gasto de contía de 44.491,63, con cargo á partida 161 21000 do orzamento municipal.

4º.- Que se soliciten ofertas ás seguintes empresas:

CONSTRUCCIONES FEGO ATLÁNTICO, S.L.

TERRA MEDIO AMBIENTE S.L.

CANDAL, EXCAVACIONES Y OBRAS, S.L.

5º.- Dar publicidade do anuncio e de documentos para a contratación na web municipal.